# PROPOSTA DE LIBROS DE LECTURA EN GALEGO

## "Un día no mar"

**Autor/a**
Paula Carbonell

**Ilustrador/a**
Marjorie Pourchet

**Editorial**
Ediciones La Fragatina

**Idioma**
Gallego

**Edad**
8-10 años

**Año**
2016

**Formato**
Tapa dura

**Páginas**
40

**Tamaño**
300 x 210 mm. 400 g.

**ISBN**
9788416226467




## Sinopsis

María e mais a nai pasan a tarde á beira do mar cando, de súpeto, a nena encontra un frasco cunha mensaxe dentro: «SOS. Necesito axuda e axiña». De modo que María, toda curiosa, mergúllase no océano para saber quen lle manda esas palabras entre as ondas. Unha fábula de escuma e sal rimada por Paula Carbonell e ilustrada por Marjorie Pourchet que conta a marabillosa relación entre os nenos, o xogo e a imaxinación.

# "O corazón do sastre"

**Autores/as**
Txabi Arnal (17), Javier ignacio Arnal gil (11)

**Ilustrador/a**
Cecilia Varela (20)

**Colección**
colección Q (22)

**Editorial**
OQO Editora (399)

**Idioma**
Gallego

**Edad**
7-12 años

**Año**
2009

**Formato**
Tapa dura

**Páginas**
40

**Tamaño**
220 x 280 mm. 495 g.

**ISBN**
9788498712124




## Sinopsis

Cal é o son do corazón? E por que latexa? O vello xastre vaino descubrir grazas a unha viaxe e nós grazas a este emocionante álbum de Txabi Arnal. O autor vasco, neste segundo traballo con OQO editora, regresa para contarnos a historia deste xastre que sente un baleiro inmenso dentro do peito. E como a vida regalada de palacio non llo enche, un día foxe da súa gaiola dourada. Mais como ía imaxinar el, que o mundo andaba tan esfarrapado! Hai pobreza, desastres naturais, guerras□ O vello xastre ten moito que zurcir e remendar! Só ten nobelos de fío, agullas de varios grosores e unhas vellas tesoiras, pero alí onde chega, acaba coas penas. E como nos recantos do camiño vai deixando amigos, cada vez que marcha dun lugar, o noso protagonista ata a punta do nobelo e vai soltando fío a medida que se afasta. Así, todos os sitios visitados van quedando conectados polo fío, e deixa trazada a ruta para cando decida volver.

# "Ovos duros"

**Autores/as**

Marisa Núñez, María luisa Núñez Álvarez, Marisa Núñez, Marisa Núñez

**Ilustradores/as**

Teresa Lima (14), María teresa Salvado lima gonçalves (15)

**Editorial**

OQO Editora (399)

**Idioma**

Gallego

**Edad**

7-12 años

**Primera edición**

2007

**ISBN**

9788496788169

**Páginas**

64




## Sinopsis

A filla do carboeiro era coñecida pola súa intelixencia. O príncipe, atraído polo seu enxeño, rétaa a un xogo intelectual que acabará por marcar o destino das súas vidas□ Reconstruído a partir dunha versión oral do Magreb, este conto, de carácter híbrido, coñeceu unha extraordinaria difusión lingüística e cultural; con variantes en puntos tan distantes un doutro como Finlandia, lugar de procedencia de Ovos duros, ou Rusia, onde Afanasiev localiza un versión da historia titulada A moza lista. A chave do conto radica no reto intelectual, no xogo de preguntas e respostas, na capacidade de desenvolver con enxeño e astucia as tarefas imposibles, ata espertar a sensibilidade e abrandar o corazón dun ser inxusto e caprichoso. As situacións, as adiviñas□ impostas polo rei ou polo tsar, varían dun país a outro, aínda que polo xeral, todas as versións coinciden no triunfo final da sabedoría e a reconciliación. Como xa dixemos, a base deste conto é unha versión oral magrebí, porén, como o amor é un dos temas esenciais da literatura oral destas tribos nómades, os pobos de Kabylia levan transmitindo de xeración en xeración a historia da filla do carboeiro desde hai séculos. Canto á ilustradora portuguesa Teresa Lima, Ovos duros supuxo a súa presentación por primeira vez no mercado español, cun traballo minucioso, de trazo delicado e gran sensibilidade. Ao mesmo tempo, este libro obtivo en 2008 unha Mención WHITE RAVEN (Internationale Jugend Bibliotek de Munich) entre os álbums máis fermosos.

# “Zimbo”

**Autores/as**

Arturo Abad, Arturo Hernández guerra

**Ilustrador/a**

Joanna Concejo

**Editorial**

OQO Editora

**Idioma**

Gallego

**Edad**

7-12 años

**Primera edición**

2011

**ISBN**

9788498713589

**Páginas**

32




## Sinopsis

A cada corda que Zimbo cortaba, o Monicrequeiro notaba como se rompían os fíos que tensaban a súa alma. Hai lazos que se deben romper para que outros ?como os que constrúe o afecto? non rompan nunca. Esta historia emotiva tanto na prosa lírica de Arturo Abad, como nas evocadoras ilustracións de Joanna Concejo mergúllase no doloroso que resulta deixar marchar as persoas que un quere. Irse e deixar ir nada ten que ver con deixar de querer. Arturo Abad sitúa o lector a ambos os lados do espello e ofrece unha visión ecuánime da situación. Deste xeito, conmove por igual, tanto coa tristeza que lle xera ao boneco de cedro Zimbo a falta de liberdade, como coa aflición que lle provoca ao Monicrequeiro a marcha de quen estima como un fillo e que desexaría que permanecese sempre ao seu carón. É doado comprender a frustración e a apatía de Zimbo pola súa actual vida: carente de autonomía e independencia. As posibilidades de desprazamento e coñecemento están limitadas polos fíos e polo manexo que fai o Monicrequeiro deles. Isto impídelle gozar plenamente do seu particular microcosmos, coñecer lugares, xente nova e poder experimentar por si mesmo.

# “As lentes de ver”

**Autor/a**

Margarita Del Mazo Fernández

**Ilustrador/a**

Raúl Nieto Guridi

**Editorial**

Ediciones La Fragatina

**Idioma**

Gallego

**Edad**

8-10 años

**Año**

2016

**Formato**

Tapa dura

**Páginas**

36

**Tamaño**

160 x 220 mm. 300 g.

**ISBN**

9788494201981




## Sinopsis

O Carliños é un neno pequerrecho e baixiño que só ten ollos para a Inés. Non obstante, ela, unha rapariga alta e guapa que atrae todas as olladas, nunca o ve. El fai todo o que está ao seu alcance para facerse notar, pero non hai maneira: para a Inés é coma se el non existise. A esperanza chégalle o día en que a Inés anuncia na escola que lle van pór lentes de ver e o Carliños convéncese de que as súas olladas por fin se van cruzar...

# "O rato avó e o muraño"

**Autor/a**

Oli (13)

**Ilustrador/a**

Ramón Trigo (36)

**Colección**

Infantil E Xuvenil - Merlín (55)

**Editorial**

Edicións Xerais (265)




**Idioma**

Gallego

**Edad**

7-9 años

**Año**

2015

**Formato**

Tapa blanda

**Páginas**

56

**Tamaño**

135 x 190 mm. 115 g.

ISBN

9788499149189

## Sinopsis

O rato Benxamín e o muraño Rosendo son grandes amigos, xogan a subir montañas, a explorar bosques misteriosos, a... Os pais do muraño Rosendo teñen que traballar ata moi tarde. Por mor diso, Rosendo pasa moito tempo na casa do seu amigo Benxamín. O rato avó cóntalles historias de ratos atrevidos, donicelas torpes, musarañas intelixentes... O muraño Rosendo quere saber por que non ten avós, e por que non ten quen lle conte historias como o seu amigo o rato.

# “Unha mestra en apuros. Sálvese quen poida”




SERRANO, PILAR; CAMPOS, JORGE

**Editorial:**
BULULU
**Año de edición:**
2019
**Materia**
Comic galego. banda deseñada
**ISBN:**
978-84-949549-5-5
**Páginas:**
60

## Sinopsis

Unha conversación na cafetería antes de ir traballar levan á nosa protagonista para lembrar as aventuras que vive no seu día a día como profesora de infantil. As situacións máis hilarantes e desesperadas poden darse cando os seus protagonistas son alumnos de infantil cuxa visión do mundo e actitude ante a vida, crean situacións límite e divertidamente surrealistas. Un cómic que fará as delicias de nenos e adultos; os primeiros veranse reflectidos no seu día a día e os segundos valorarán e, seguro, gozarán coñecendo o traballo dos profes dos seus fillos.

# “Troglo & Dita”

BARREIRO CARREÑO, ALFONSO MANUEL (FON)

**Editorial:**
EDITORIAL GALAXIA
**Año de edición:**
2019
**Materia**
Comic galego. banda deseñada
**ISBN:**
978-84-9151-323-0
**Páginas:**
76
**Encuadernación:**
Tapa dura
**Colección:**
Novela gráfica




## Sinopsis

Troglo & Dita son dous personaxes prehistóricos pero moi divertidos. Fon, o seu crador, imaxina como sería todo no tempo dos dinosaurios, cando seres humanos e bechos horripilantes compartían o planeta. Xa sabemos que iso non sucedeu!” Pero nin a Troglo nin a Dita lle importa. A ti, verás que tampouco. Troglo é moi brután pero inxenioso. E Dita ten cabeciña. Menos mal!

# "Aleida. Cidade sen alma."

VICTOR BOULLÓN

**Editorial:**
DEMO EDITORIAL
**Año de edición:**
2019
**Materia**
Comic galego. banda deseñada
**ISBN:**
978-84-947396-5-1
**Páginas:**
52
**Encuadernación:**
Rústica con solapas




**Lectores a partir de 9 años**

## Sinopsis

Estamos en Compostela a finales del siglo XII. Aleida, una inquieta niña cuyo padre trabaja en las obras de reforma de la catedral, decide investigar una muerte producida en el interior del recinto, aparentemente a causa de un lobo. En un contexto de luchas políticas entre Compostela y Braga, nos introducimos en una aventura llena de misterio. Ciudad sin alma es la primera de las dos historias de esta heroína medieval creada por Víctor Boullón.

# “Ulf de Jakobsland. Os vikingos en Galicia”

VARELA FERREIRO, ALBERTO




**Editorial:**
EDICIONS XERAIS DE GALICIA
**Año de edición:**
2018
**Materia**
Comic galego. banda deseñada
**ISBN:**
978-84-9121-423-6
**Páginas:**
80
**Encuadernación:**
Rústica (Tapa blanda)
**Colección:**
Cómics

**Non atopei a idade recomendada pero penso que poden lelo**

## Sinopsis

Finais do século XI. Un vello conde danés, antigo xefe viquingo agora convertido ao cristianismo, arriba ás costas de Faro Brigantium, a primeira etapa da súa peregrinación ata Santiago de Compostela, na terra onde se fixo famoso como guerreiro. É o final da súa vida e o final dun tempo; as novas crenzas mestúranse cos deuses ancestrais e as vellas lembranzas, coas novas. Foi no ano 844 cando os viquingos chegaron por primeira vez ata o antigo reino de Gallaecia, coñecido no norte como Jakobsland, nunha serie de incursións dirixidas por afamados guerreiros que rematarían a mediados do século XI coa derrota de Ulv Galiciefarer, o conquistador de Galicia e o derradeiro viquingo. Esta é a súa historia dos viquingos na Galicia da Alta Idade Media.